

ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 22-23

Este curso 22-23 renovarase o Consello Escolar do CRA de Oroso segundo o disposto na Resolución do 19 de setembro de 2022 da Consellería de Educación.

O Consello Escolar do noso centro está composto por:

- Dous representantes das familias.
- Dous representantes do profesorado.
- Un representante do Concello de Oroso.
- O director do centro.

Este curso corresponde **renovar a un representante das familias e un representante do profesorado**. Como representante das familias, pódese presentar candidato/a calquera pai, nai e titor legal de alumnos/as matriculados este ano en calquera das escolas.

O **comezo do proceso electoral tivo lugar o 2 de novembro de 2022**, co sorteo da Xunta Electoral que regulará o proceso de eleccións. Para este sorteo, incluíronse os datos de tódolos pais, nais e titores legais de alumnos/as matriculados este ano nas escolas. O proceso electoral desenvolverase durante o mes de novembro.

A votación para a elección dos representantes das familias e profesorado será o martes 29 de novembro **dende as 16:30 horas ata as 17:30 h**, na sede do **CRA de Oroso, en Vilarromarís**.

As familias do alumnado poden **consultar os censos electorais no interior das escolas**, previa solicitude ás mestras.

A Xunta Electoral constituíuse o martes 2 de novembro, formando parte deste órgano un representante das familias (sorteo público), unha representante do profesorado (sorteo público) e o director do centro. Entre outros asuntos, **aproboou o calendario electoral seguinte:**

- Redacción e envío do escrito de designación de representante ao Concello. **8 de novembro (prazo de 10 días).**
- Publicacións da convocatoria de elección a representantes de pais/nais e mestres no Consello Escolar: **10 de novembro.**
- Publicación dos censos electorais de pais/nais e mestres: **10 de novembro.**
- Período de reclamación do censo: ata o **17 de novembro.**
- Período de presentación de candidaturas **11 ao 18 de novembro.**
- Claustro de profesores con carácter informativo: **15 de novembro.**
- Proclamación de candidaturas: **22 de novembro.**
- Sorteo de membros da mesa electoral dos pais/nais e mestres/as: **22 de novembro.**
- Citacións para a constitución das Mesas Electorais: **22 de novembro.**
- Prazo de reclamación de candidaturas: **23 a 24 de novembro.**
- Claustro extraordinario de profesores para a elección de representantes do profesorado. Neste acto procederáse á formación da mesa electoral: **29 de novembro.**
- Constitución da mesa electoral: **29 de novembro.**
- Data, hora e lugar da votación: **29 de novembro, dende as 16:30 horas ata as 17:30 h,** na sede do **CRA de Oroso.**
- Proclamación de candidatos electos: **30 de novembro.**
- Prazo de reclamacións ante a Xunta Electoral **15 días de reclamación** perante o Xefe Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Oroso, 8 de novembro de 2022.

O director.

ASDO.: JAVIER RIVAS BARCALA